



Acerca da motivación dos traballadores

A 'motivación', o 'coaching persoal'... son termos moi de moda nos últimos anos. Ao longo destas páxinas analízalos no contexto do sector gandeiro e reflexiono sobre a idea de que ese tipo de procesos internos deben xurdir do coñecemento, da formación e da conciencia, se queremos lograr rutinas de éxito no manexo das nosas vacas.

José Luís Míguez Vázquez

Veterinario. Servizo de Calidade de Leite.
Seragro, Sociedade Cooperativa Galega

Actualmente a gandería de leite atravesa un contexto histórico onde o dimensionamento das granxas coincide cos baixos prezos do leite en orixe e o despoboamento do rural co envellecemento da poboación e a falta de traspaso xeracional. Isto explica a dificultade engadida, non xa de poder contratar man de obra local, senón de que esta perdure na granxa e reciba formación e proxeción técnica. Fronte a esta realidade ofertáronse nos últimos anos os moi demandados servizos de substitución para o muxido, aínda insuficientes, e non son poucos os gandeiros que están a optar pola instalación de robots de muxido como unha saída á falta de persoal.

Nos últimos anos o tema da "motivación" e do "coaching persoal" están sendo abordados nalgúns congresos, foros e publicacións do sector da gandería de leite tanto pola falta de man de obra coma de profesionalización desta, nun intento por mellorar as competencias dos traballadores das granxas, obter bos resultados e abrir áreas de oportunidade laboral. Con esta tendencia cara á popularización das técnicas de *coaching*, aparecen en escena unha gran diversidade de profesionais e tamén de "gurús" que desde outras áreas máis mediáticas e partindo de distintos ámbitos do coñecemento (artes escénicas, actores, psicólogos, xornalistas, *showmen*, presentadores, cómicos...) ofertan os seus servizos de maneira un tanto heteroxénea ao non existir unha regulación académica como tal. Isto ocorre tamén noutros moitos sectores produtivos, industriais e de servizos nos que o *coaching* se orientou tamén ao "liderado" e ao "saber comunicar".

"Motivar" e "saber comunicar" quizais vaian máis cos tempos e substitúan agora as cámaras de vídeo e as láminas e taboleiros con "rutinas" escritas, que ben poden ser "ordes" escritas segundo o punto de vista desde o que se mire. Tentar magnificar os sentimentos de superación e de competitividade dunha persoa a partir dunha hora de relatorio nun congreso ou convertela nunha gran comunicadora cun curso intensivo dunha fin de semana pode ser exitoso a moi curto prazo, pero supón un fracaso a medio e longo prazo. O mesmo se podería dicir para a asignación dos roles e a repartición de adxectivos de carácter e de situación. Motivación e estar motivado non deben ser un patrimonio exclusivo do traballador, nin ser líder ou saber comunicar son competencias exclusivas para o gandeiro. O aspecto positivo destas tendencias reside en dalas a coñecer, que esas vías de saída existen e que está ao alcance de todos poñelas en práctica con independencia do nivel de partida.

Anteriormente referínme ás cámaras de vídeo; con elas sabemos que un traballador ocupa o seu lugar e este sabe que está a ser vixiado. Nunca foron cuestionadas pero, ao meu parecer, son totalmente inútiles. Pouco ou nada achegan respecto da execución efectiva dunha rutina de muxido que desencadee o reflexo de baixada do leite. Comprobeino infinidade de veces en salas de muxido vixiadas, onde se practican de modo inconsistente o que deberían ser os pasos fundamentais dunha boa rutina. Así ocorren a lipez de tetos en húmido tras o *predip*, seguida do despunte e da colocación da unidade de muxido en modo manual de retirada en tetos baleiros e faltas de apoio con sobremuxidos iniciais de ata 1 minuto, en rutinas onde isto non ocorre á vez que a conversión de leite glandular en leite cisternal.



► SE OS CUBÍCULOS SON LIMPADOS E PREPARADOS DÚAS VECES AO DÍA CANDO AS VACAS SE LEVANTAN AO MUXIDO, O MATERIAL DE CAMA ESTARÁ SOLTO E POUCO COLMATADO E O LABOR FARASE CON RAPIDEZ

A motivación é un proceso interno na persoa que fai que esta se dirixa cara a unha meta ou a un fin determinado. Por tanto, a motivación é o proceso que marca o inicio dunha conduta ou dun comportamento para poñer en marcha a consecución desa meta ou dese fin. Pero a forza de inicio deste estado interno non se repite a diario e isto non é posible porque, por unha banda, non podemos investir un tempo determinado ao día en automotivarnos e, pola outra, porque a nosa conduta está en gran parte dirixida por emocións, sensacións e estados de ánimo que poden ter unha implicación negativa (soño, fame, frío, calor, tristeza, problemas familiares, relacións sociais, desexos puntuais, medos, preocupacións...). Entón, que é o que fai

que unha conduta se manteña e sexamos perseverantes ata a súa culminación? É e chamouse sempre a forza de vontade (por exemplo, saír a correr aínda que chova a cachón porque quero facer ese media maratón dentro de 6 meses). A vontade é a capacidade de facer cousas de maneira intencionada, con liberdade e con conciencia. A forza de vontade é espontánea e é a opción no empeño de mellorar, sacar adiante algo e ser produtivo a pesar dos inconvenientes, das dificultades e das tendencias inmediatas que xurdan no camiño.

A motivación como proceso interno e a forza de vontade como opción parten do entendemento e do coñecemento persoal do mundo e, sobre todo, do significado que lle dea a persoa ao que fai.

O entendemento de algo e o coñecemento máis ou menos profundo que teñamos diso danlles o noso significado ás cousas e aos procesos que ocorren. Xérase así na persoa o seu punto de vista persoal e particular. É todo ese punto de vista que temos acerca de algo o que modela o pensamento e este precede á acción, é dicir, ás nosas obras e condutas. Se o punto de vista que teña unha persoa respecto dun proceso, como pode ser o muxido, depende do coñecemento e do entendemento que teña respecto dese proceso, a clave do éxito debería estar na formación. En moitas ocasións as rutinas de muxido e doutros traballos de granxa instauráronse como un conxunto de accións ou pasos escritos nunha lámina, pero sen entender o que pode haber de subtexto, o que pode haber de “porqué”. O subtexto é un contido que non se anuncia de maneira expresa, pero está implícito. O baleiro de coñecemento pode chegar a converter en acción o que realmente se cre ou se pensa desde un punto de vista antagonista ao que realmente se busca. ►

DOS POSIBILIDADES EN HIGIENE DE PEZONES UN MISMO PRINCIPIO ACTIVO: DIÓXIDO DE CLORO



Lactox
Alta eficacia
a un coste óptimo.

- Calidad cosmética asegurada por sus altas concentraciones de dermoprotectores sumados a la acción del ALOE VERA
- Alto rendimiento, menor consumo
- Acción repelente de moscas
- Disponible en envases fáciles de mezclar y manejar (16+4, 8+2, 4+1)
- La mezcla permanece activa tres semanas



ProquiDeza

**Higiene integrada
respetuosa con el medio ambiente**



Oxilact
Máxima eficacia debido a la más alta concentración de principios activos.

www.proquideza.com

Pol. Ind. Lalín 2000 Parcela C42/43
36500 Lalín (Pontevedra) España · Telf. (+34) 986 787 537

A falta de forza de vontade, de interese e, sobre todo, a falta dun punto de vista baseado no coñecemento e na formación deron lugar a que a falta de “motivación” interna se supla en non poucas ocasións coa teoría do incentivo. O incentivo máis común é a recompensa económica e persegue que o resultado final que é recompensado volva suceder. A porta do fracaso está en que perseguir unha recompensa económica persoal pode repercutir negativamente no traballo en equipo.

Nas XV Xornadas Técnicas de Vacún Leiteiro organizadas por Seragro, o veterinario Javier Liste Pose presentou un relatorio titulado “Amodiño... ao ritmo da vaca”, no cal non só xustificaba un principio fundamental da etoloxía moi a miúdo esquecido na produción leiteira, que é que para coñecer o comportamento dun animal debemos coñecer a súa capacidade sensorial, senón que o propio título é toda unha declaración. “Amodiño... ao ritmo da vaca”, no cal o diminutivo galego “amodiño” implica moito máis que “ir amodo”; trátase de reconsiderar que a vaca o é todo, é o verdadeiro actor protagonista. As variacións na rutina de preparación para o muxido teñen lugar porque no día a día, semana a semana, mes a mes, a tarefa nunha instalación de muxido é fixa, diaria e recorrente. A rutina transfórmase en rutina e o lugar de muxido éo tamén de encontro e de faladoiro. En explotacións onde non existe unha verdadeira organización das actividades baseada na formación técnica e no coñecemento, unha mesma vaca pode experimentar muxidos diferentes de maneira continua, cunha repercusión directa e negativa nos tempos de muxido e na condición de tetos.

▶ OS TRABALLADORES DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS, DO PRIMEIRO AO ÚLTIMO, CREAN UNHA REALIDADE DE FONDO PARA QUE A VACA LEITEIRA POIDA INTERPRETAR O SEU GUIÓN, PRODUCIR MÁIS LEITE E DA MELLOR CALIDADE

Nunha exitosa rutina secuencial de muxido, a persoa que coloca teteoiras habrao de facer sobre tetos visiblemente limpos, secos e correctamente apoiados, coa cisterna do teto cargada de leite. O subtexto desta acción é conseguir un pico fluxo ao comezo do muxido, é dicir, altos fluxos de leite desde o inicio do muxido. O subtexto desta acción é tamén diminuír o tempo total de muxido. O subtexto desta acción é tamén lograr que o propio teto coa súa cisterna expandida sele o interior da teteira e non se produzan edemas nin esvaróns da unidade. O subtexto desta acción é tamén mellorar a condición de tetos. Se a persoa que coloca teteoiras o fai sobre tetos sucios e con falta de apoio é porque outra persoa previamente non realizou ben a súa tarefa.

Se non se coñecen as repercusións (ou, dito doutro xeito, os subtextos) que se esconden baixo a acción de investir tempo en realizar unha preparación consistente de tetos, ben se pode ter outro punto de vista diferente respecto do muxido. Isto ten unha repercusión directa en sanidade de ubre cando se utilizan retiradores automáticos da unidade de muxido. Polo xeral, os diferentes instaladores fixan, de partida, valores de retirada a baixo fluxo, o cal asegura un sobremuxido de tetos ao final do muxido. Fixado un valor de retirada, cando o fluxo de leite coincide con ese valor a unidade é retirada. Isto debe ocorrer no período de baixo fluxo de leite ao final do muxido e, se é posible, nunha caída continua de fluxo en pouco tempo, é dicir, cando as vacas acaban rápido, o período de baixo fluxo ao final do muxido (o tempo que están as vacas dando pouco leite) é curto e quedará un pequeno volume de leite residual tras a retirada. Pero non sempre ocorre así e, se a preparación de tetos é deficiente, poden ter lugar durante o muxido fluxos de leite coincidentes co fluxo de retirada. A opción do muxidor é fixar a retirada en modo manual, co cal se asegura un sobremuxido de tetos.

Outro exemplo da gran repercusión da educación e formación para o muxido en sanidade de ubre está na diminución da utilización de antibióticos, non xa para terapias en lactación senón para afrontar con garantías un secado selectivo. Manexar correctamente o muxido durante a lactación suporá manter o status de vaca sa (con recontos inferiores a 200.000 células/ml) para realizar un secado selectivo coa única utilización de seladores internos para a cisterna do teto.

Para as infeccións ascendentes desde o exterior do teto, os altos fluxos de leite durante o muxido supoñen, en parte, un impedimento a novas colonizacións intramamarias. Non hai mellor terapia para un estable con graves problemas de sanidade de ubre que optimizar o muxido. O final da lactación e a terapia selectiva con seladores internos significan que haberá de facerse fincapé nas máximas garantías de hixiene no manexo de tetos. É necesario desinfectar correctamente a súa punta e introducir o imprescindible necesario as cánulas para realizar o selado interno.

O sesgo confirmatorio é a tendencia a favorecer, buscar, interpretar e lembrar a información e os exemplos que confirman as propias crenzas e hipóteses. Así, interprétase a realidade da maneira que máis convén dando desproporcionadamente menos consideración a posibles alternativas, o cal

► SE AS COUSAS SE FAN MAL CON COÑECEMENTO, ESE LUGAR QUE OCUPAMOS, CON TOTAL SEGURIDADE, NON SERÁ O NOSO


conduce á polarización da crenza, é dicir, que esa opinión se fai máis extrema a medida que se expoñen outros puntos de vista. Cando nun traballo en equipo non hai formación técnica nin coñecemento dos subtextos ou contidos que levan implícitos determinadas accións rutineiras, cada individuo desenvolve o seu sesgo de confirmación co fin de confirmar a súa propia opinión, aumentando máis a diversidade de opinións infundadas. Cando un individuo sen formación cre ter un alto grao de certeza, desenvolve unha conciencia sobre certos feitos, os cales admite sen ningunha sombra de dúbida. Cando un individuo dispón de coñecemento técnico a dúbida contraponse á ignorancia, a dúbida xorde do coñecemento, que busca máis coñecemento.

Todas as accións rutineiras que se suceden a diario nunha granxa pódense dotar de contido técnico, é dicir, de subtexto: o manexo das fronte de silo, a detección de celos, a limpeza de bebedoiros, a limpeza e preparación de cubículos etc. Se os cubículos son limpados e preparados dúas veces ao día cando as vacas se levantan ao muxido, o material de cama estará solto e pouco colmatado e o labor farase con rapidez. Isto terá, ademais, unha repercusión no estado de limpeza das vacas ao muxido. Se se fai unha vez cada dous días ou cada tres, o material estará máis colmatado e as vacas máis sucias ao muxido. Se xorden eventualidades nesta rutina, pasará por vez ao non ver a necesidade de facelo a diario. Transcorrerán os días e o material estará endurecido e con presenza de

buracos, cambiará o dimensionamento do cubículo e o posicionamento das vacas. Estas presentaranse máis sucias ao muxido e con pisaduras e feridas traumáticas nos tetos que retardarán as rutinas desa tarefa.

Os traballadores das explotacións leiteiras, do primeiro ao último, crean unha realidade de fondo para que a vaca leiteira poida interpretar o seu guiño, producir máis leite e da mellor calidade. Para iso, a vaca debe figurar en todos os subtextos. Ningún traballador debe desenvolver accións antagonistas cos demais traballadores nin coas vacas. Para iso, o punto de vista que cada empregado teña sobre as accións depende da súa formación técnica. Haberá moitos días nos cales por diversas razóns non esteamos motivados, pero o noso coñecemento, a nosa formación e a nosa conciencia do deber dannos a liberdade para obrar con vontade.

Se as cousas se fan mal con coñecemento, ese lugar que ocupamos, con total seguridade, non será o noso. ■



PROQUIMIA
www.proquimia.com

¡Elige dermoprotección!

La gama más completa de selladores para PRE y POST-DIPPING



Máxima protección de la piel

Dermoprotectores, hidratantes, suavizantes... y ahora con aceite de Rosa Mosqueta

Mayor desinfección para el ganado

Ácido láctico, yodo, clorhexidina y dióxido de cloro / ácido láctico

Adaptabilidad total a sus necesidades

Efecto anti-croqueta, repelente de insectos, efecto frío, aplicación en espuma, spray o copa,...



Sistema de Gestión
ISO 9001:2015
ISO 14001:2015
OHSAS 18001:2007

alimentaria@proquimia.com
www.proquimia.com

